

“DENUNCIA DO EQUILIBRIO” – VERSOS DE XELA ARIAS

MUSICADOS POLA *BANDA DA LOBA*

Que quero dicirche pregunto

que quero establecer para non errar

este minuto

meridiano

rosa de ventos o pensamento

que me fala

argalla

silencios estendidos

se acaso

perdo un intre

de palabra

RETROUSO:

Non fales me digo

non fales

o tempo

anda arando estropicios

na terra dos azuis

Desconsolados.

Que quero dicirche pregunto

que quero establecer por non errar

este minuto

meridiano

rosa de ventos o pensamento

e a lagoa na familia dos invernos

medra en neve

patinada

quedo en pé

parada no bosque

RETROUSO

